

Telexornal Serán FDS

# Un proxecto cen por cento galego traballa no deseño dos novos barcos arrastreiros do futuro

Publicado o 10/01/2015 21:29

Un proxecto cen por cento galego traballa no deseño dos barcos arrastreiros do futuro. Aralfutur naceu hai varios anos e pretende modernizar a frota creando barcos máis eficientes no seu consumo, máis seguros para os tripulantes e máis competitivos e adecuados ás novas normativas comunitarias. Galicia, un referente no mundo da pesca, tamén quere ser agora pioneira no mundo do deseño e da tecnoloxía.

Os arrastreiros galegos de grande altura chegan ao final da súa vida útil. Construídos nos anos oitenta, a moitos chégalles a hora de xubilarse ou adaptarse aos novos tempos. O proxecto Aralfutur naceu con ese obxectivo, o de renovar unha frota que está obsoleta.


O proxecto, xa na súa fase final, pretende mellorar a eficiencia e a competitividade dos arrastreiros. Facelos máis seguros para os tripulantes, máis eficientes, menos contaminantes e que optimicen os procesos a bordo, como por exemplo, o dos descartes.

Con este proxecto Galicia quere capitanear as novas tecnoloxías. Unha investigación, que de pórse en práctica, servirá para xerar máis emprego a empresas e auxiliares navais. Agardan que en algo máis dun ano sexan os estaleiros de Vigo os que dean a benvinda a este arrastreiro do futuro cen por cento galego.

[Ver despois](#)[f Compartir](#)[T](#) Tweet 4[g+1](#) 0

Telexornal Serán FDS do 10/01/2015

© CRTVG



**Unha empresa galega patenta un dispositivo para localizar avións accidentados no mar**  
10/01/2015 21:27:08



**O Elcano evitará os portos colombianos**  
10/01/2015 21:28:47



**Un proxecto cen por cento galego traballa no deseño dos novos barcos arrasteiros do futuro**  
10/01/2015 21:29:18

◀ 1 2 3 4 5 6 7 ▶